



REDE CULTURAL – ESCENA AO VIVO!

Anexo 3. Traxectoria Artística

Denominación da Entidade/Empresa	URDIME, S. COOP. GALEGA
Nome artístico	PÉREZ&FERNÁNDEZ
Título do espectáculo	NANAI DA CHINA

Traxectoria Artística:

Lewis Hyde, en “The Gift: Creativity and the Artist in the Modern World” suxire que os humanos sempre entran en acción e toman decisións partindo de dous puntos posibles: o instinto de supervivencia e o impulso de regalar. Esta compañía nace do impulso instintivo de supervivencia, da necesidade de crear, de regalar unha viaxe aos demais máis alá da súa experiencia cotiá.

Victoria Pérez e Manu Fernández crean en 2014 la Cía. Floristería para producir a peza escénica “Eu encargábame dos nenos e o meu marido da parte dos gastos” o seu primeiro espectáculo para público adulto sobre a desigualdade de xénero. “O poder de Amabel” estreada en xaneiro de 2016 é o seu primeiro espectáculo para público familiar co que se funda Pérez&Fernández. A súa segunda peza teatral foi a aclamada “Agurtrat” baseada nunha das publicacións de Roald Dhal. En 2020 estrean Os nenos da varíola, un espectáculo baseado na novela homónima de María Solar e en 2023, Nanai da China, unha peza de teatro e obxectos para público familiar.